

A función de Nutrición.

Completa co nome que corresponda:

Función pola que noso corpo obtén a materia e a enerxía que necesita para realizar as funcións vitais.

Unidade anatómica e funcional dos seres vivos. É a parte máis pequena dun ser vivo dotada de vida.

Sustancias sinxelas que se atopan nos alimentos e se dividen en seis grupos: auga, glúcidos, proteínas, lípidos, vitaminas e sales minerais.


Órgano musculoso que fai posible cos seus movementos a mastigación e a mestura dos alimentos coa saliva.

Substancia pastosa e semilíquida que se forma no estómago a partir do bolo alimentario.


Parte do tubo dixestivo especializada na dixestión do alimento.

Glándula alongada e delgada con forma de folla que se encontra detrás do estómago e debaixo do fígado.

Escribe o nome das partes máis importantes do aparato dixestivo.




Escribe o nome do dentes que se indica no debuxo.



Dentición de leite

Dentición definitiva




Escribe o nome destas enfermidades relacionadas co aparato dixestivo:

: inflamación do estómago e o intestino pola acción de microorganismos patóxicos.

: debido ao aumento da actividade dos músculos intestinais, o contido do intestino pasa moi rápido sen que poida reabsorber a auga que este contén. Deste modo prodúcese feces líquidas. Pode ter causas moi variadas, infeccións por virus, bacterias ou estrés.

: o contido intestinal pasa moi lentamente polo colon polo que se absorbe unha cantidade excesiva de auga e as feces endurecéndose sendo difíciles de expulsar. Pode estar causado por múltiples factores, como unha dieta inadecuada (pobre en fibra vexetal), estrés, uso de certos fármacos..

Nomea as partes máis importantes do aparato respiratorio.



Completa co nome que corresponda:

Diminutas estruturas en forma de saco intimamente relacionadas con capilares. Aquí é onde acontece o intercambio de gases.

Gas que xunto cos nutrientes necesitan as células para desenvolver as súas actividades.

Músculo plano que se sitúa debaixo dos pulmóns e separa a cavidade torácica da abdominal.

Proceso que consiste en captar o osíxeno e de eliminar o dióxido de carbono.

Serie de condutos que transportan o osíxeno ata os pulmóns e o dióxido de carbono ao exterior.

Órganos encargados de realizar o intercambio de gases entre o aire e o sangue.

Zona común ao aparato respiratorio e dixestivo.

Estrutura que se pecha cando hai alimento na farinxe, evitando así que este entre nas vías respiratorias.



Escrebe o nome destas enfermidades relacionadas co aparato respiratorio:

: caracterízase pola inflamación dos bronquios, normalmente por causa dunha bacteria. Provoca dificultade para respirar, tose e produción de moco.

: ten síntomas moi similares aos do catarro aínda que esta é unha enfermidade moito máis grave. Tamén está causada por un virus.

: é unha enfermidade causada por un virus que provoca conxestión nasal, secreción de moco e esbirros.

Nomea as partes máis importantes do aparato circulatorio.



Completa co nome que corresponda:

Células do sangue encargadas de transportar o osíxeno e o dióxido de carbono.

Movemento de relaxación do corazón.

Están implicadas na coagulación e reparación de vasos sanguíneos danados.

Células encargadas de defender o noso corpo fronte a substancias extrañas e axentes infecciosos.

Aumento da presión sanguínea. Pode estar causada por factores como unha dieta cun elevado contido de sales e graxas ou estrés.

Movemento de contracción que fai o corazón.

Tecido líquido de cor vermella formado por células que flotan nun líquido chamado plasma.


Nomea as partes que se sinalan do aparato excretor:

1

2

3

4



Completa co nome que corresponda:

A excreción é o proceso polo que se eliminan as substancias de refugallo que producen as células. Deste modo mantemos o equilibrio na composición do sangue e outros fluídos corporais.

As substancias de refugallo poden ser de diferentes tipos, polo que cada unha delas será eliminada por un órgano diferente. Destacan, como órganos excretores:

Completa o seguinte texto coas palabras que falten.

Como xa vimos nesta unidade, o dióxido de carbono, unha substancia de refugallo, é eliminado nos .

O é un órgano que se sitúa cara ao lado dereito do abdome, por encima do estómago. Leva a cabo centos de funcións, algunhas relacionadas coa excreción.

O fígado elimina algunhas substancias do sangue.

As glándulas sudoríparas sitúanse na . Producen , un líquido no que se eliminan algunhas substancias de refugallo e que ademais serve para regular a corporal.

O é un órgano especializado en filtrar de modo selectivo o sangue.

A é o órgano onde se almacenan os ata que se realiza a micción.

A está causada por microorganismos que inflaman a parede da vexiga. Provoca molestias, micción frecuente e en pequenas cantidades.